



D. Armando Ojea Bouzo, en nome e representación do Grupo Provincial de Democracia Ourense, presenta ao amparo da lexislación vixente, a seguinte **MOCIÓN** relativa á **candidatura de Ourense, a capital da provincia, como sede da Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado xoves 24 de marzo o Boletín Oficial do Estado (BOE) publicaba o Real Decreto 209/2022, de 22 de marzo, aprobado en Consello de Ministros. Neste Real Decreto, establécese o procedemento para a determinación das sedes físicas das entidades pertencentes ao sector público institucional estatal e se crea a Comisión consultiva para a determinación das sedes. Esta norma detalla como se determinará o termo municipal no que se ubicará a sede física das novas entidades do sector público institucional estatal e os novos departamentos ou subsedes dependentes de entidades xa existentes.

Entre as novas entidades, destaca a Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial. Recollida na lei 2/2021, de 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022, este órgano “encargarase do desenvolvemento, supervisión e seguimento dos proxectos enmarcados dentro da Estratexia Nacional de Intelixencia Artificial, así como aqueles impulsados pola Unión Europea, en particular os relativos ao desenvolvemento normativo sobre intelixencia artificial e os seus posibles usos”.

Tras coñecerse a nova norma, transcendía estes días a intención da Xunta de Galicia de solicitarlle ao goberno central que a comunidade autónoma acolla a sede deste novo organismo. O alcalde de Ourense, D. Gonzalo Pérez Jácome, xa manifestou o seu decidido apoio a esta reclamación e postulou a cidade de Ourense como sede do novo órgano, avanzando a vontade da Alcaldía de pór a disposición desta iniciativa as instalacións do centro municipal de La Molinera, onde desenvolve a súa actividade o centro de intelixencia artificial do Concello de Ourense. Por tanto, avogamos por aproveitar deste xeito a inercia creada por ese centro e a aposta firme do Concello pola intelixencia artificial e as súas aplicacións para o futuro da cidade e de Galicia.

Establece o Real Decreto nas súas Disposicións Xerais que, entre outros, “atenderanse a criterios de cohesión social e territorial, a mellora no funcionamento dos servizos públicos, os niveis de desemprego ou a loita contra a despoboación”. Nesa liña entendemos que sería unha medida de xustiza, tanto para Galicia coma para a capital da provincia, vendo a paliar, que non a corrixir, o grave problema de esquecemento e o conseguinte desequilibrio territorial de Galicia para con España e de Ourense para con Galicia.



**GRUPO PROVINCIAL
DEPUTACIÓN DE OURENSE**

Temos unha boa oportunidade ante a inmediata creación deste novo organismo que tanto Galicia como Ourense non deberíamos deixar pasar. Por estes motivos, Democracia Ourensana presenta ante o Pleno da Deputación Provincial de Ourense a adopción do seguinte

ACORDO

Apoiar a candidatura da cidade de Ourense como sede da Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial.

En Ourense, a 12 de mayo de 2022

D: Armando Ojea Bouzo

A/A: SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE